

**ACTA DA SESIÓN NÚMERO 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE 2024/C003/000002
(PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO)**

**AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMO DO CAMIÑO OS
MARTIÑOS-CRUCÉ A HEDRREIRA
2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2023**

LUGAR: Casa do concello
DATA: 31/05/2024
HORA DE COMEZO: 14:10 h.
HORA DE REMATE: 14:27 h.

ASISTENTES:

Presidente: Don Emilio Souto Iglesias, concelleiro de Servizos, Emerxencias e Obras

Vogais:

- Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis, vogal titular
- Dona María Fajardo de Andrade Vázquez, técnica de intervención, vogal titular
- Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa, vogal titular

Secretaria: Mónica Gesto Nieto, administrativa

DELIBERACIÓNS E ACORDOS:

**EMENDA DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA CONTIDA NOS SOBRES B
("DECLARACIÓNS, COMPROMISOS E REFERENCIAS TÉCNICAS")**

A Mesa, na sesión celebrada o día 22/05/2024 acordou requirir ás empresas Cosmalca, SL e Mantido, SL a emenda dos defectos contidos na declaración responsable contida nos sobres B así como información sobre a sobre o vencellamento existente entre ambas empresas.

Logo do correspondentes requirimentos (Mantido, SL, RS nº 20240000000875, do 28/05/2024; Cosmalca, SL, RS nº 20240000000874, do 28/05/2024) as anteditas empresas achegan, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación requirida (Mantido SL, RE nº 202499900000509, do 28/05/2024; Cosmalca, SL RE nº 202499900000506, do 28/05/2024).

A documentación achegada por ambas empresas é examinada pola Mesa que **ACORDA**, por unanimidade dos seus membros, que ambas empresas continúen no procedemento de licitación.

VALORACIÓN DAS OFERTAS TÉCNICAS

A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** que valore as ofertas técnicas o enxeñeiro de camiños, canles e portos, Manuel Ángel Pisos Veiga.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu redacto esta acta que asinan electronicamente, na data sinalada xunto as sinaturas electrónicas, todos os membros da Mesa.